

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015846	CEIP de Noalla-Telleiro	Sanxenxo	2022/2023

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	5
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	8
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	9
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	10
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	10
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	10
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	11
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	11
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	11
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	12
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	12
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	13
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	13
o) Outros apartados	14

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Considerando as características do noso centro e da comunidade educativa establecemos como obxectivos a alcanzar ao final da etapa da E. primaria os seguintes:

EDUCACIÓN INFANTIL

- a) Coñecer o seu propio corpo e o dos seus compañeiros/os, así como as súas posibilidades e limitacións e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e manipular os elementos do seu contorno natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais (controlar esfínteres, lavarse as mans antes das merendas ou tomarlas axeitadamente).
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas, recoñecendo os seus propios sentimentos así como os dos demais nenos/as.
- e) Relacionarse co resto de compañeiros establecendo pautas básicas de convivencia, así como favorecer a resolución pacífica de conflitos, tanto na aula como no exterior, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lecto-escritura, no movemento, no xesto e no ritmo, atendendo aos diferentes cursos de E.I.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre nenos/as, evitando distincións entre ambos xéneros.
- i). Conocer os elementos básicos culturais, lingüísticos e sociais de Galiza, mediante actividades globalizadas, destacando personaxes que realizaron aportacións importantes á cultura e á sociedade galegas.

EDUCACIÓN PRIMARIA

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática. Apreciar e coñecer a importancia dos valores que rexen a vida do centro e as normas de convivencia e obrar de acordo con elas.

Respectar e exercitar as normas de convivencia e valores de cidadanía como medio para garantir a convivencia na sociedade.

- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

Colaborar na planificación e realización de actividades en grupo, aceptar as regras e normas que se establezan, articular os obxectivos e intereses propios cos dos outros membros do grupo, respectando os puntos de vista distintos, e asumir as responsabilidades que correspondan.

Desenvolver o espírito crítico, a capacidade de discusión e diálogo, o afán de investigación, de superación e unha educación que teña presentes os distintos ritmos de aprendizaxe, e graos de maduración dos outros, baixo un clima social de cooperación e cordialidade.

- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

Establecer relacións equilibradas e construtivas coas persoas en distintas situacións e contextos; comportarse de xeito solidario, rexeitando a violencia e favorecendo acordos. Utilizar habilidades como a asertividade, a empatía, a tolerancia, o respecto, contribuíndo a

fomentar relacións emocionais amistosas, valorando cualidades noutras persoas e evitando prexuízos sociais.

- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

Coñecer, respectar e valorar críticamente as diferenzas de xénero, culturais e sociais rexeitando calquera discriminación baseada en diferenzas de sexo, clase social, crenzas, raza e outras características individuais e sociais.

Coñecer, comprender, respectar e preservar a igualdade de dereitos para todos e todas e resolver dilemas morais, evitando e rexeitando actitudes discriminatorias.

- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

Coñecer e utilizar adecuadamente, tanto de forma escrita como oral, a lingua castelá e a galega.

Potenciar a capacidade expresiva, oral e escrita, tanto no ámbito escolar como no persoal. Aprender a adoptar actitudes reflexivas e críticas ante os medios de transmisión e difusión da cultura escrita.

Mellorar a competencia lectora como proceso asociado á aprendizaxe, á comunicación oral e escrita e ao desenvolvemento persoal e social.

Valorar e utilizar a biblioteca como fonte de recursos para a aprendizaxe e espazo interdisciplinar onde se fomenten hábitos de lecto-escritura e investigación.

Desenvolver destrezas básicas de información, investigación e documentación utilizando distintas fontes e soportes.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para comprender mensaxes sinxelas, producir sinxelos textos escritos e desenvolverse en situacións cotiás en lingua inglesa.

Interactuar de xeito básico, utilizando diferentes técnicas lingüísticas para expresarse, preguntar ou responder na lingua inglesa.

Coñecer e valorar aspectos culturais, sociais e lingüísticos dos angloparlantes, e aplicar os devanditos coñecementos en distintas situacións.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

Adquirir e desenvolver competencias matemáticas básicas para realizar operacións necesarias na súa vida cotiá.

Utilizar procesos de razoamento, de resolución de problemas matemáticos, procesos de cálculo e estimación e coñecementos xeométricos, aplicándoos a situacións reais da aula ou da súa vida cotiá.

Identificar e resolver problemas cotiás valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

Coñecer e valorar os feitos máis relevantes da historia do contorno, de Galicia, de España, e da historia universal.

Coñecer e valorar o seu contorno social, natural e cultural, situándoo no seu contexto rexional, nacional, europeo e universal, así como as posibilidades de acción e coidado do mesmo.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

Iniciarse no coñecemento, uso e manexo das tecnoloxías da información e comunicación para acceder, estruturar e presentar información, como fonte de aprendizaxe e comunicación.

Iniciarse no desenvolvemento dunha actitude crítica e reflexiva da información recibida utilizando as TIC, contrastándoa cando sexa necesario.

Adquirir conciencia da necesidade do uso seguro e responsable das TIC, e actuar conforme a estes principios.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

Coñecer, aproximarse á lectura, análise e interpretación de representacións artísticas, culturais e musicais, valorando a súa importancia. Representar e elaborar propostas de forma persoal, sobre ideas, accións e situacións utilizando a linguaxe visual, musical, corporal e audiovisual.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

Coñecer e identificar a importancia do exercicio físico, a hixiene, a alimentación, hábitos posturais e o deporte; valorando as repercusións para a saúde e para o propio corpo e benestar.

Desenvolver unha actitude responsable cara á propia persoa recoñecendo, valorando, aceptando e respectando a propia realidade corporal e a dos demais, así como os estilos de vida saudables e a importancia da súa práctica.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

Coñecer e valorar os seres vivos máis próximos ao ser humano, adoptando hábitos de protección, respecto e coidado cara a estes.

Concienciarse sobre a necesidade de conservación do mundo animal mantendo unha actitude crítica ante a falta de respecto.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

Desenvolver relacións por confianza, actitudes abertas e de colaboración, así como estratexias de axuda aos demais e condutas solidarias.

Adquirir valores que permitan unha efectiva igualdade entre sexos, o rexeitamento de estereotipos sexistas e o recoñecemento e respecto pola diversidade afectivo-sexual.

Desenvolver actitudes contrarias á violencia contra as mulleres e outros colectivos.

- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. Coñecer e valorar as normas de seguridade vial e analizar as consecuencias dos accidentes. Coñecer e respectar as medidas a tomar para a prevención.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas. Partindo do propio contorno, coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia así como o patrimonio lingüístico, artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega, española ou a outras culturas do mundo.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

O art. 8 do Decreto 155/2022, do 11 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, determina as seguintes competencias clave:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

A área de CIENCIAS DA NATUREZA contribúe de forma substancial á competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría a través da apropiación de conceptos que permiten interpretar o mundo físico, así como do achegamento a determinados trazos do método co que se constrúe o coñecemento científico e ofrece a oportunidade de utilizar ferramentas matemáticas en contextos significativos de uso. Contribúe tamén de forma relevante, á competencia dixital xa que, a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte das aprendizaxes da área. Esta información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes e require procedementos diferentes para a súa comprensión.

Por outra banda, inclúense explícitamente na área os contidos que conducen á alfabetización dixital, coñecemento cuxa aplicación nesta e no resto das áreas contribuirá ao desenvolvemento da competencia dixital. No que se refire á competencia en comunicación lingüística, contribúe ao aumento significativo da riqueza en vocabulario específico. Na medida en que nos intercambios comunicativos se valore a claridade na exposición, rigor no emprego dos termos, a estruturación do discurso, a síntese, o uso dunha linguaxe exenta de prexuízos, incluso e non sexista, etc., estarase desenvolvendo esta competencia. Nesta área dáse necesariamente un achegamento a textos informativos, explicativos e argumentativos que requirirán unha atención específica para que contribúan a esta competencia. Para a súa contribución ao desenvolvemento da competencia persoal, social e de aprender a aprender, deberá orientarse de maneira que se favoreza o desenvolvemento de técnicas para aprender, para organizar, memorizar, recuperar e valorar a información, tales como resumos, esquemas ou mapas mentais, que resultan especialmente útiles nos procesos de aprendizaxe. Por outra banda, a reflexión sobre que se aprendeu, o esforzo por contalo, oralmente e por escrito, contribuirá ao seu desenvolvemento. Esta área inclúe contidos directamente relacionados co desenvolvemento do sentido de iniciativa e espírito emprendedor, ao fomentar o autocoidado e a corresponsabilidade no ámbito doméstico e escolar e socionatural, e ao ensinar a tomar decisións desde o coñecemento da súa propia persoa, tanto no ámbito escolar, como na planificación de forma autónoma e creativa de actividades de lecer.

A área de CIENCIAS SOCIAIS contribúe ao desenvolvemento da competencia social e cívica, xa que axuda a comprender a organización, as funcións, os mecanismos de participación cidadá do conxunto de institucións e posibilita ir máis alá dos aspectos conceptuais, para desenvolver destrezas, habilidades e actitudes sociais e cívicas. Neste sentido, pretende asentar as bases dunha futura cidadanía solidaria, informada, participativa e democrática. Por outra banda, ao proporcionar un coñecemento do funcionamento e dos trazos que caracterizan á sociedade, así como da diversidade existente nela, inicia ao alumnado na comprensión dos cambios que se produciron no tempo, de modo que se ofrecen pautas para ir achegándose ás raíces históricas das sociedades actuais. A área ofrece a oportunidade de utilizar ferramentas matemáticas en contextos significativos de uso, contribuindo así ao desenvolvemento da competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría e permite o achegamento a determinados trazos do método co que se constrúe o coñecemento científico. Contribúe tamén de forma relevante á competencia dixital: a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte das aprendizaxes, información que se

presenta en diferentes códigos, formatos e linguaxes e que require, xa que logo, procedementos diferentes para a súa comprensión. Ler un mapa, interpretar un gráfico, observar un fenómeno ou utilizar unha fonte histórica exige procedementos diferenciados de procura, selección, organización e interpretación, que son obxecto prioritario de aprendizaxe. O peso da información nesta área singulariza as relacións existentes entre a competencia dixital e a competencia en comunicación lingüística. Ademais da súa contribución ao aumento significativo da riqueza en vocabulario específico, na medida en que nos intercambios comunicativos se valore a claridade na exposición, rigor no emprego dos termos, a estruturación do discurso, a síntese, o uso dunha linguaxe exenta de prexuízos, inclusiva e non sexista, etc., estarase desenvolvendo esta competencia. Nesta área dáse necesariamente un achegamento a textos informativos, explicativos e argumentativos que requirirán unha atención específica para que contribúan a esta competencia. Para a súa contribución ao desenvolvemento da competencia persoal, social e de aprender a aprender deberase orientar de maneira que se favoreza o desenvolvemento de técnicas para organizar, recuperar e valorar a información. Iniciar ao alumnado nos rudimentos do método científico, a reflexión sobre que se aprendeu e o esforzo por contalo, oralmente e por escrito, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia. A súa contribución á competencia conciencia e expresións culturais céntrase no coñecemento das manifestacións culturais, a valoración da súa diversidade, o coñecemento e recoñecemento da singularidade da cultura galega e o recoñecemento daquelas que forman parte do patrimonio cultural.

As áreas de LINGUA CASTELÁ E LITERATURA e LINGUA GALEGA E LITERATURA contribuirán ao uso social da lingua en diferentes contextos comunicativos, o que fai evidente a súa contribución directa ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística. O coñecemento da lingua galega ofrece a posibilidade de comunicarse utilizándoa de forma inmediata en contextos reais e funcionais de comunicación ao tratarse da lingua propia de Galicia.

O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónanse directamente co sentido de iniciativa e o espírito emprendedor e coa competencia persoal, social e de aprender a aprender. A linguaxe, como base do pensamento e do coñecemento, permite comunicarse coa súa propia persoa e coas demais, analizar problemas, elaborar plans e emprender procesos de decisión, regula e orienta a nosa propia actividade con progresiva autonomía. Por iso o seu desenvolvemento e mellora desde a área contribúe a organizar o pensamento, a comunicar afectos e sentimentos e a regular emocións, favorecendo o desenvolvemento de ambas competencias. Contribúe á competencia dixital, ao proporcionar coñecementos e destrezas para a procura, selección e tratamento da información e comunicación. A utilización de soportes electrónicos e os novos medios de comunicación dixitais implican un uso social e colaborativo da escritura. A lingua contribúe poderosamente ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, entendidas como habilidades e destrezas para a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas. Ao incidir no valor de todas as linguas como igualmente aptas para desempeñar as funcións de comunicación e de representación, na análise dos modos mediante os que a linguaxe transmite e sanciona prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo, co obxecto de contribuír á erradicación dos usos discriminatorios, estase contribuíndo ao desenvolvemento destas competencias. As linguas, ademais de servir ás persoas falantes para comunicarse socialmente en diversos contextos, son vehículos de comunicación e transmisión cultural. Por iso, esta área colabora tamén no desenvolvemento da conciencia e expresións culturais, xa que os modelos lingüísticos e literarios que se utilizan conteñen un forte compoñente cultural. O recoñecemento das linguas como elemento cultural de primeira orde, a lectura, comprensión e valoración das obras literarias contribúen no mesmo sentido. Aprender a lingua galega implica, non só o coñecemento dun dos trazos culturais máis relevantes que distinguen a nosa comunidade, senón que esta aprendizaxe tradúcese, tamén, no interese por coñecer e apreciar o patrimonio e a diversidade lingüística e cultural propia de Galicia.

A área de MATEMÁTICAS está vinculada directamente á competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría e contribúe, así mesmo, ao desenvolvemento a competencia dixital na medida en que permite abordar novas formas de adquirir e integrar coñecementos empregando estratexias diversas como a resolución de problemas e o ensaio-erro, entre outras. A planificación, a xestión dos recursos, a procura de estratexias e a valoración dos resultados na resolución de problemas, constitúe a principal achega que desde a área se pode facer á iniciativa e espírito emprendedor. Para o desenvolvemento da competencia persoal, social e de aprender a aprender incídese desde a área na autonomía para abordar situacións de crecente complexidade, a sistematización, a mirada crítica e a habilidade para comunicar con eficacia, a verbalización do proceso seguido axuda á reflexión sobre que se aprendeu, etc. Para fomentar o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística desde a área de Matemáticas incorpórase a linguaxe matemática á expresión habitual. Ademais, a descrición verbal dos razoamentos e dos procesos facilita tanto a expresión como a escoita das explicacións doutras persoas, o que desenvolve a propia comprensión, o espírito crítico e a mellora das destrezas comunicativas. A área contribúe ao desenvolvemento da conciencia e expresión culturais desde a consideración do coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural da humanidade. A achega ás competencias sociais e cívicas desde a área de Matemáticas adquire unha dimensión singular orientada á resolución de problemas de forma cooperativa, aceptando os puntos de

vista e as solucións aportadas por outras persoas.

A área de LINGUA ESTRANXEIRA (inglés) contribúe ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A linguaxe é o principal vehículo do pensamento humano, a ferramenta máis potente para a interpretación e representación da realidade e o instrumento de aprendizaxe por excelencia, por iso é polo que a área, na medida que contribúe á mellora da capacidade comunicativa xeral, faino tamén á competencia persoal, social e de aprender a aprender. O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a lingua estranxeira relaciónase directamente co sentido de iniciativa e o espírito emprendedor.

Contribúe á competencia dixital dado que as Tecnoloxías da Información e a Comunicación ofrecen a posibilidade de comunicarse en tempo real con calquera parte do mundo e, tamén, o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizándoa e, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Esta área contribúe en boa medida ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas desde a consideración de que as linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural, desenvolvendo a capacidade e o interese por coñecer outras culturas e por relacionarse con outras persoas, e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade como as diferenzas, xa que logo, colabora no desenvolvemento da conciencia e expresións culturais.

A área de EDUCACIÓN FÍSICA contribúe ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, xa que a afirmación da lateralidade xunto coa experimentación de nocións asociadas a relacións espazo-temporais desempeñan un papel moi importante na aprendizaxe da lectura e escritura. Tamén posibilita realizar gran variedade de intercambios comunicativos mostrando sensibilidade e coidado no uso dunha linguaxe non sexista nin discriminatoria. A contribución desta área á competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría será a través do desenvolvemento de aspectos estreitamente ligados ao dominio matemático e tecnolóxico: os números, a orde, a sucesión, as operacións básicas e formas geométricas que aparecen na explicación dos xogos; as nocións topolóxicas básicas, a estruturación espacial e espazo-temporal... Será contribución da área á competencia dixital todo aquilo que implique o uso creativo, crítico e seguro das Tecnoloxías da Información e a Comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade. Os proxectos comúns en actividades físicas colectivas facilitan a adquisición de recursos de cooperación, repercutindo todo iso no proceso de adquisición da competencia persoal, social e de aprender a aprender. A área contribúe de forma esencial ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, sobre todo, as relativas ao contorno no que se desenvolve e á dinámica da clase, desenvolvendo a adquisición de habilidades sociais. A contribución á competencia emprendedora establécese desde a área de Educación Física na medida que esta permite adquirir conciencia e saber aplicar un conxunto de trazos e actitudes persoais interrelacionadas como a habilidade para elixir con criterio propio, imaxinar, planificar e xestionar proxectos e asumir responsabilidades co fin de alcanzar obxectivos, tanto no ámbito persoal como en equipo.

A área de Educación Física contribúe á competencia conciencia e expresións culturais recoñecendo, apreciando e valorando, con espírito crítico, manifestacións culturais específicas da motricidade humana e a súa consideración como patrimonio dos pobos.

A área de EDUCACIÓN ARTÍSTICA contribúe directamente á competencia da conciencia e expresións culturais, pon énfasis no coñecemento de diferentes códigos artísticos e na utilización das técnicas que lles son propias, na representación de ideas de forma creativa a través dos diferentes recursos aprendidos, promove a imaxinación e a iniciativa á vez que ensina a respectar outras formas de pensamento e expresión. A Educación Artística, en esencia, baséase na aprendizaxe de linguaxes codificados que se plasman na expresión e comunicación cos demais polo que o seu estudo contribúe ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística. Así mesmo contribúe ao desenvolvemento da competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría ao tratar elementos presentes no espazo natural e empregar unha linguaxe propia con base matemática como é o caso da Música ou o Debuxo Xeométrico. A Educación Artística contribúe ao desenvolvemento das competencias sociais e cívicas, de aprender a aprender e de sentido de iniciativa e espírito emprendedor desde o momento en que entre os seus obxectivos búscase axudar ao alumnado a iniciarse na percepción e comprensión da súa contorna e a ampliar os seus recursos en canto a iniciativa, creatividade, desenvolvemento emocional e cooperación. O uso nesta área de metodoloxías relacionadas coas Tecnoloxías da Información e a Comunicación permite ao alumnado o desenvolvemento da competencia dixital dada a forte presenza dos contidos artísticos neste campo.

A área de VALORES SOCIAIS E CÍVICOS relaciónase de forma máis directa coas competencias sociais e cívicas, dado que propicia a adquisición de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática, esixe reforzar a autonomía, a autoestima e a identidade persoal e favorecer o espírito crítico para axudar á construción de

proxectos persoais de vida, favorece a universalización das propias aspiracións e dereitos para todos os homes e mulleres. A área contribúe á adquisición do coñecemento dos fundamentos e os modos de organización das sociedades democráticas, ao rexeitamento dos conflitos entre os grupos humanos ante as situacións de inxustiza, á identificación dos deberes cidadáns e a asunción e exercicio de hábitos cívicos adecuados. Á competencia en comunicación lingüística contribúese a partir do coñecemento e do uso de termos e conceptos propios da área, así como dunha linguaxe exenta de prexuízos, inclusiva e non sexista. Ademais, o uso sistemático do debate, procedemento imprescindible nesta área. A área contribúe igualmente á competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría, xa que moitas das aprendizaxes que integra están centrados na interacción do ser humano co mundo que o rodea. Ao desenvolvemento da competencia persoal, social e de aprender a aprender contribúe na medida en que propón o estímulo das habilidades sociais, o impulso do traballo en equipo, a participación e o uso sistemático da argumentación, a síntese das ideas propias e alleas, e a presentación razoada. Desde a área favorécese a competencia emprendedora, na medida en que se desenvolven iniciativas de planificación, toma de decisións, participación, organización e asunción de responsabilidades.

O ensino da RELIXIÓN CATÓLICA como materia integrada no currículo do alumno/a contribúe tamén, de xeito importante, á maioría das competencias clave do currículo. A relixión e moral católica aporta á competencia conciencia e expresións culturais unha valoración crítica da cultura, motivando ao mesmo tempo o aprecio da propia cultura e a estima adecuada doutras tradicións culturais e relixiosas.. Con relación ás competencias sociais e cívicas, o ensino relixioso aporta a fundamentación e xerarquización dos valores e virtudes que contribúen a educar a dimensión moral e social da personalidade do alumno, en orde a facer posible a maduración na corresponsabilidade, o exercicio da solidariedade, da liberdade, da xustiza e da caridade. O ensino relixioso aporta elementos básicos en canto ao logro da competencia en comunicación lingüística pois sérvese da linguaxe académica, das linguaxes que conforman a cultura que se transmite na área de relixión, así como das linguaxes do propio ensino relixioso. A competencia emprendedora non poderá realizarse no alumno/a se non comeza xa a adestrarse no coñecemento de si mesmo, no seu ser máis profundo, nas súas potencialidades, na súa dignidade e no seu sentido. O ensino relixioso contribúe positivamente ao desenvolvemento da competencia persoal, social e de aprender a aprender no estudo e reflexión da mensaxe cristiá, facilitando o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario, propoñendo non só unha proposta consensuada de valores e actitudes, senón un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

A educación escolar ten como finalidade básica contribuír a desenvolver nos alumnos/as aquelas capacidades que se consideran necesarias para unha óptima incorporación e participación na sociedade como individuos con plenos dereitos. Para isto é preciso o coñecemento de cuestións que conforman o día a día do mundo actual por parte dos alumnos/as e deben ser capaces de realizar xuízos críticos, acordos coa súa idade, sobre a fame no mundo, a discriminación, a violencia, etc. Dada a importancia destes coñecementos precísase a incorporación no currículo dos centros, dun tipo de ensino que responda a estes problemas sociais e que teña presente a formación en valores básicos, que se traballarán con carácter transversal en todas as áreas. Fomentar valores na educación e que estes impregnen o currículo e a práctica educativa é unha necesidade para a formación completa dos discentes. Por tanto, o tratamento dos temas transversais é imprescindible para a formación integral dos nenos/as e deben estar presentes na aula. Ao longo do curso traballaranse valores que teñen que ver coa liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto, a xustiza e a non discriminación, atendendo a un principio fundamental da educación. A sociedade reclama un papel activo da escola na implantación de valores pedagóxicos porque o único xeito de lograr a formación integral dos nenos/as é traballando os temas transversais. Na aula traballarase:

- 1.-Educación para a saúde: co obxectivo de inculcar nos discentes hábitos e actitudes encamiñadas a mellorar a súa calidade de vida.
- 2.- Educación ambiental: para desenvolver hábitos, actitudes e coñecementos de respecto, coidado, colaboración e valoración do contorno.
- 3.- Educación vial: co obxectivo de desenvolver actitudes de conciencia cidadá nos discentes e que adquiran hábitos relacionados coas normas básicas de seguridade vial.
- 4.- Educación para o consumo: aínda que os nenos/as destas idades non teñen autonomía como consumidores, non é

prematureo introducir este tema a idades temperás e si pode pretenderse unha formación como persoas con actitude crítica e hábitos de responsabilidade ante o Consumo.

5.-Educación para a paz: como unha realidade que debe ser vivida co obxectivo de axudar a satisfacer, na medida do posible, as necesidades afectivas e emocionais dos discentes como primeiro paso para evitar a desconfianza e o temor que poida levarlos a desenvolver actitudes violentas.

6.- Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos: mediante estratexias como o uso non sexista da linguaxe; que todos realicen as mesmas actividades de xogo tanto simbólico como de roles, o uso indiscriminado de xoguetes e zonas de xogo e a formación de equipos mixtos.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

Para establecer os principios básicos que orienten na adopción dunha metodoloxía, téñase en conta que toda situación de aprendizaxe está sometida a un gran número de variables: idade do alumno, heteroxeneidade da clase, os coñecementos previos, o grao de motivación, a experiencia e personalidade do profesorado, os recursos de que se dispón, etc. Polo tanto máis que marcar unha liña metodolóxica estricta e ríxida no CEIP Noalla Telleiro buscarase o equilibrio e a complementariedade de métodos diversos, xa que estes non son mellores ou peores de forma absoluta, senón en función do axuste que conseguen na intervención pedagóxica co alumnado.

Aquí só se establecen, pois, uns principios xerais que sirvan de referencia na elección metodolóxica do docente, así pois:

1.- Buscarase un enfoque metodolóxico INTEGRADOR, que propicie a utilización duns métodos ou outros en función das diferentes necesidades que as variables escolares presenten.

2.- Avógase pola metodoloxía CONSTRUCTIVISTA coa que a actividade do alumno é un factor decisivo na súa aprendizaxe. É el quen modifica e reelabora os esquemas de coñecemento construíndo a súa propia experiencia de contidos a partir do que xa sabe. O profesor actúa como guía ou mediador facilitando a construción de aprendizaxes significativas que permiten establecer relacións entre os coñecementos previos e os novos contidos, que serán incorporados á estrutura cognitiva dos alumnos.

A consecución das aprendizaxes significativas poden chegar especialmente a través da utilización de métodos de carácter INDUCTIVO que, partindo de feitos e realidades concretas próximas á experiencia dos nenos e nenas, axuden a conformar leis xerais partindo da constatación e manipulación dos feitos observables; e en ocasións, por medio de métodos DEDUCTIVOS que, seguindo o proceso mental inverso, tamén pode favorecer a intervención activa do alumnado na construción do seu propio coñecemento.

3.- Aplicándose métodos PARTICIPATIVOS concédese especial relevo ás actividades grupais, á planificación e execución das tarefas en grupo, á toma de decisións en conxunto, etc.. Favorécese a cooperación, o intercambio e confrontación de opinións e o talante non discriminatorio.

4.- É necesaria unha metodoloxía ACTIVA para fomentar no alumnado unha actitude de curiosidade, crítica e investigadora que, mediante a comunicación e o traballo, provoque a reflexión e a extracción de conclusións, chegando á confrontación dos contidos traballados coas implicacións sociais e o contraste coa realidade, converténdose na base da súa formación e da adquisición das aprendizaxes.

5.- Respectando sempre as opcións individuais e sen pretender homoxeneizar, é importante discutir e COORDINAR as distintas formas de traballo ou enfoques didácticos que mellores resultados ofrezan. Un factor básico para a coherencia da actuación docente é a existencia de criterios comúns nos procedementos, nos materiais e na forma de utilizalos.

6.- A MOTIVACIÓN debe ser outro elemento básico nas nosas aulas. En xeral o material obxecto de estudo debe relacionarse coas necesidades percibidas polo alumnado, pois só aquel material que centra o seu interese poderá ser incorporado á súa estrutura cognitiva.

7.- A vida do noso alumnado, dentro e fóra da escola, será o punto de partida das nosas actividades docentes. O proceso de ensino-aprendizaxe inserirase sempre tendo en conta o CONTEXTO persoal, familiar, cultural e social dos alumnos; así coma no contexto do propio centro e da comunidade educativa

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

O material didáctico debe reunir os seguintes requisitos:

- a) seguro
- b) reutilizable, sempre que sexa posible
- c) adaptado ás características do alumnado
- d) que facilite o desenvolvemento da creatividade
- e) respetuoso co medio ambiente
- f) non discriminatorio.

En calquera caso debe facerse un uso responsable do mesmo, evitando o derroche (reducir) e fomentando a reutilización

O noso alumnado disporá dun material de uso persoal, que será solicitado polo profesorado, pero a maior parte do material funxible será de uso colectivo e aportaraos o centro adquiridos cos orzamentos de funcionamento anuais.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

Na actualidade a oferta educativa consiste en que as familias poden eleixir entre Relixión Católica, Atención Educativa, Valores sociais e Cívicos e Proxecto Competencial segundo corresponda en cada nivel.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

En relación ás tarefas complementarias teremos en conta os seguintes principios:

- 1.- Irán encamiñados ao desenvolvemento das Competencias Clave do alumnado segundo os seus procesos e ritmos de aprendizaxe atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.
- 2.- Mellorar as relacións entre alumnos/as e fomentar a adquisición de habilidades sociais e de comunicación.
- 3.- Permitir a apertura do alumnado cara ao contorno físico, social e cultural.
- 4.- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara aos demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.
- 5.- Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co contorno natural, social e cultural.
- 6.- Estimular o desexo de investigar e saber.
- 7.- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade.
- 8.- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e que realicen.

A planificación, deseño e elección das actividades complementarias correrá a cargo do profesorado do centro en coordinación co equipo de actividades complementarias.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

Teremos en conta a diversidade do alumnado para facer un ensino individualizado e personalizado, adaptándonos ás características propias de cada alumno/a. T

- a) Manteremos unha comunicación e relación frecuente e clara coas familias, é a mellor maneira de coñecer as necesidades do alumnado.
- b) Empregaremos distintos estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas, favorecendo o desenvolvemento de todas as habilidades e intelixencias do alumnado para favorecer a súa integración e inclusión
- c) Partiremos do nivel de cada alumno/a.
- d) Prestaremos atención individualizada sempre que sexa posible.

XUÑO:

Trala avaliación final os profesores/as titores/profesorado especialista elaborarán a proposta de Plan de materias pendentes, conforme ao modelo recibido da Inspección Educativa

SETEMBRO:

Trala avaliación inicial co asesoramento do DO de ser preciso, e tendo en conta a proposta do titor/ especialista do curso anterior, o titor/a e mestres especialista do curso actual elaborarán a proposta definitiva do Plan de materias pendentes para o alumnado, conforme ao modelo recibido.

DURANTE O CURSO (TRIMESTRALMENTE)

Levarase a cabo un seguimento dos plans nas xunta de avaliación e informarase ás familias entregándolles a páxina do plan na que informa do seguimento.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

Xuño

Trala avaliación final os profesores/as titores/profesorado especialista do alumnado que ten que repetir curso elaborarán a proposta de Plan de alumnado repetidor, conforme ao modelo de Inspección Educativa.

Setembro.

Trala avaliación inicial, e considerando a proposta anterior, con asesoramento do DO se fora preciso, o titor-a/profesorado especialista deses alumnos/as revisará a proposta elaborada en xuño e entregará a proposta definitiva do Plan de alumnado repetidor vixente para ese curso.

Ao longo do curso

Se se observasen dificultades, o titor-a /profesorado especialista establecerá os axustes metodolóxicos necesarios para a súa superación. Non é preciso rexistro documental destas medidas, agás que se solicite e acorde a intervención de profesorado de apoio.

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

CRITERIOS PARA O TRATAMENTO DAS DIFICULTADES:

Cando o progreso dun alumno non sexa o satisfactorio estableceranse medidas de reforzo en calquera momento do curso. Dentro das medidas de atención ordinaria, a primeira consistirá nun reforzo sen apoio que o propio mestre da área deseñará para os que teñan dificultades de seguimento da programación, tanto por defecto como por exceso (traballos de reforzo, ampliación...)

Realizaranse talleres de recuperación para alumnos con especiais dificultades, que serán atendidos por mestres de apoio ou con dispoñibilidade horaria. Diseñaranse a partir do horario persoal de cada mestre e terán carácter flexible

en función das necesidades de cada momento.

A seguinte medida será un reforzo con apoio específico por parte dun mestre de PT ou AL. Será aconsellado por unha avaliación psicopedagóxica que realizará o departamento de orientación seguindo os pasos que figuran no Plan de Orientación e na PXA.

Informarase ás familias as veces que sexa necesario para ter un mellor seguimento dos seus fillos.

CRITERIOS PARA A PROMOCIÓN:

A promoción en 1º, 3º e 5º será de xeito automático.

Ao finalizar os cursos de 2º, 4º e 6º da etapa, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. Esta decisión será tomada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción así como o criterio do/a titor/a. Atenderase principalmente aos informes do titor/a e escoitarase a opinión dos pais/nais.

A permanencia no mesmo curso é unha medida de carácter excepcional, e esta decisión soamente poderá adoptarse unha vez en toda a etapa e despois de agotar negativamente os reforzos e apoios que o alumno teña durante o curso. Neste caso o equipo docente elaborará un plan específico de reforzo para que durante o seguinte curso o/a alumno/a poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Para a elaboración deste plan seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021.

Un alumno promocionará sempre que alcance o desenvolvemento adecuado das competencias clave e un axeitado grao de madurez conforme a súa idade. Promocionará igualmente cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan un obstáculo para seguir normalmente o novo curso.

Cando un alumno non supere os obxectivos mínimos en máis de dúas áreas, a xunta de avaliación terá en conta para a súa promoción o grao de madurez, a inclusión dentro do grupo, as destrezas básicas adquiridas, ou os mínimos competenciais.

Cabe destacar que ao finalizar os cursos de segundo e cuarto da etapa o/a titor/a emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumno/a, indicando as medidas de reforzo que se deben contemplar no ciclo seguinte.

Ao finalizar a etapa cada alumno/a disporá dun informe elaborado polo seu titor/a sobre a súa evolución e grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha materia suspensa recibirá os apoios necesarios descritos no apartado anterior, para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

Criterios para a concesión da mención honorífica ao final da etapa.

Segundo o artigo 5 da orde de avaliación do 25 de xaneiro de 2022

Os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa o obtivesen sobresaínte ao rematar a educación primaria nunha área ou en varias, e que demostren un rendemento académico excelente

Criterios:

1. Actitude positiva de traballo, alto nivel de esforzo e compañeirismo
2. Nota media superior a 9
3. Que a lo menos dous dos sobresaíntes sexan coa puntuación máxima de 10

O outorgamento da Mención Honorífica só se producirá se hai unha decisión unánime do equipo docente.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

A programación didáctica de ciclo será elaborada polo profesorado que integra o equipo de ciclo e terá un carácter globalizador e integrador, atendendo á necesaria coordinación entre os cursos que compoñen o ciclo, así como as áreas que integran o currículo.

Dita programación incluirá, polo menos, obxectivos, contidos, criterios de avaliación, metodoloxía, materiais e recursos, medidas de atención á diversidade, procedementos e instrumentos de avaliación, actividades complementarias, concreción do plan de convivencia e plan tic para o ciclo.

A programación didáctica de ciclo desenvolveraa cada mestre ou mestra en programacións de aula, organizada en secuencias didácticas e/ou proxectos de traballo. Dende o día 1 de setembro ata o inicio dos clases, os mestres ben de xeito individual ou formando parte dos órganos de coordinación didáctica correspondentes, baixo a dirección dos seus responsables, colaborarán na elaboración da programación xeral anual tendo como referentes a lexislación vixente e proxecto educativo do centro e o documento de concreción curricular.

As programacións docentes e contarán polo menos cos seguintes elementos:

- 1.- Diagnóstico do contexto e dos alumnos/as.
- 2.- Contribución das materias ao logro das competencias clave.
- 3.- Obxectivos didácticos a alcanzar.
- 4.- Contidos das áreas:
- 5.- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- 6.- Coñecemento do contorno.
- 7.- Linguaxes: comunicación e representación.
- 8.- Metodoloxía, estratexias didácticas e organización de traballo.
- 9.- Materiais e recursos necesarios.
- 10.- Medidas de atención á diversidade.
- 11.- Procedementos, instrumentos e criterios de avaliación.
- 12.- Actividades complementarias e extraescolares.

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Os centros docentes dentro do marco establecido polas administracións educativas, desenvolven a súa autonomía pedagóxica e organizativa levando a cabo entre outras prácticas, Plans e Proxectos reflectidos no seu Proxecto educativo, así como outros programas nos cales participa o centro de xeito anual, os cales son ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades.

Os criterios que nos levan a participar nos diferentes Proxectos, Plans e Programas son aqueles que :

- Nos axudan a conseguir unha escola plural na que os conflitos se resolvan por medio do diálogo.
- Permiten a colaboración de xeito interdisciplinar mediante tarefas nas áreas das linguas.
- Permiten crear lectores/as eficientes.
- Aqueles que levan a cabo una acción orientadora no proceso educativo tanto individual como colectivo do alumnado.

- ¿ PLAN DE CONVIVENCIA.
- ¿ PROYECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.
- ¿ PROYECTO LECTOR.
- ¿ PLAN DE ACCIÓN TITORIAL.
- ¿ OUTROS PROGRAMAS (CONTRATOS PROGRAMA, PLAN PROXECTA...).

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

A Concreción Curricular é un documento de intervención educativa que establece directrices para a implementación do proceso de ensino e aprendizaxe nas aulas. Trátase dun documento eminentemente pedagógico no que se propoñen estratexias educativas coherentes para o conxunto das etapas educativas que se imparten no centro.

REVISIÓN E AVALIACIÓN:

A Concreción Curricular debe ser un documento vivo, que toda a comunidade educativa asuma como propio e en continua evolución. Como tal, debe ter unha avaliación periódica que permita adaptalo aos cambios que xurden (normativos, metodolóxicos, estruturais...).

Ao realizar a avaliación do centro, haberá que valorar a eficiencia deste documento e a conveniencia de modificalo nalgún dos seus apartados e indicalo na memoria de fin de curso. Toda modificación, debe ser refrendada pola comunidade educativa nos termos establecidos pola normativa vixente. Por este motivo, este documento será

avaliado polo Claustro e o Consello Escolar do centro, cada un dentro das súas competencias.

PROCEDEMENTO XERAL:

1. Os equipos docentes valorarán o grao de cumprimento e adecuación dos criterios de avaliación, formulando propostas de mellora.
2. Recolleranse as propostas provenientes dos demais sectores da comunidade educativa e as que correspondan a cambios normativos.
3. A CCP analizará estas propostas e formulará as modificacións oportunas.
4. O Claustro do profesorado aprobará as modificacións que se consideren.
5. Finalmente serán presentadas e aprobadas polo Consello Escolar do centro, sen prexuízo daqueles aspectos de ámbito pedagóxico, competencia do Claustro.
6. As modificacións aprobadas (propostas de mellora, cambios normativos...) incluíranse como anexos.
7. Cando cumpra a revisión xeral do documento, procederase á unha nova redacción incluíndo convenientemente as modificacións establecidas como anexos.

o) Outros apartados